

CHICAGO MASS CHOIR

GOSPEL ES NAVIDAD

FESTIVAL DE GALICIA



PROGRAMACIÓN - 2013

DECEMBRO

T

TEATRO  
COLÓN



DANZA

VENRES 6  
E SÁBADO 7 ÁS 20:30H  
DOMINGO 8 ÁS 12:00H

# QUEBRANOCES

CICLO DE DANZA CLÁSICA  
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

110 MIN.   
Descanso incluído

8 E 10 EUROS 



centro  
coreográfico  
galego

AGADIC



Agencia Galega das  
Industrias Culturais



MÚSICA: P. TCHAIKOVSKI. COREOGRAFÍA: M. PETIPA. BAILARÍNS: CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO.  
DIRECCIÓN: MERCEDES SUÁREZ.

O Ballet Quebranoces é unha obra que se representa en todos os países do mundo durante as festas de Nadal. Dende o CCG súmanse a esta tradición en colaboración con diferentes escolas e conservatorios de toda Galicia, uníndose nunha proposta participativa que pretende servir de motivación aos estudantes de danza e atraer e facer gozar a novos públicos.

El ballet Cascanueces es una obra que se representa en todos los países del mundo durante las fiestas de Navidad. Desde el CCG se suman a esta tradición en colaboración con diferentes escuelas y conservatorios de toda Galicia, uniéndose en una propuesta participativa que pretende servir de motivación a los estudiantes de danza a la vez que atraer y hacer gozar a nuevos públicos.



ZARZUELA

VENRES 13  
E SÁBADO 14  
ÁS 20:30H

# LOS GAVILANES

100 MIN.   
 15, 18 E 20 EUROS

FERRO TEATRO

TEXTO: JOSÉ RAMOS MARTÍN. MÚSICA: JACINTO GUERRERO. DIRECCIÓN MUSICAL E ARRANXOS: MANUEL VALENCIA. DIRECCIÓN: CRISTINA ZAMBRANA. REPARTO: CHANTAL GARCÍA, ANA MARÍA HIDALGO, CRISTINA ZAMBRANA, VICTORIA ZAZO, BEGOÑA ÁLVAREZ, ULISES FUENTES, CARLOS FERNÁNDEZ, DARÍO GALLEGO, JOSEBA PRIEGO, JUAN CARLOS RODRÍGUEZ, FACUNDO MUÑOZ, FRAN ROMÁN.

Tras unha longa estancia no Perú, Juan volve – rico e vello- á súa aldea natal, da que marchou sen poder casarse con Adriana. Ela, viúva e pobre, agarda a que se renove o amor. Pero Juan fixase na súa filla Rosaura, quizais buscando a beleza xuvenil que non atopou na súa nai.

Tras una larga estancia en Perú, Juan vuelve – rico y viejo- a su aldea natal, de la que se fue sin poder casarse con Adriana. Ella, viuda y pobre, espera a que se renueve el amor. Pero Juan se fija en su hija Rosaura, buscando quizás la belleza juvenil que no encontró en su madre.

ÓPERA INFANTIL



SÁBADO 14  
ÁS 12:00H

# LA FLAUTA MÁGICA

60 min.

5 EUROS

FERRO TEATRO

DIRECCIÓN ESCÉNICA: CRISTINA ZAMBRANA. ARRANXOS MUSICAIS: GIANPAOLO BADURRO. ELENCO: CARLOS FERNÁNDEZ, ANA MARÍA HIDALGO, JOSEBA GÓMEZ, CRISTINA ZAMBRANA.

Adaptación infantil para nenos maiores de 2 anos da célebre ópera de Mozart *Die Zauberflöte*. As damas da Raíña da Noite matan á serpe xigante que persigue a Tamino, e pídenlle ao mozo que rescate a Pamina, filla da Raíña da Noite secuestrada por Sorastro. Para axudalo na súa aventura danlle unha Flauta Máxica que o protexerá dos perigos.

Adaptación infantil para niños maiores de 2 años de la célebre ópera de Mozart *Die Zauberflöte*. Las damas de la Reina de la Noche matan a la serpiente gigante que persigue a Tamino, y le piden al joven que rescate a Pamina, hija de la Reina de la Noche secuestrada por Sorastro. Para ayudarlo en su aventura le dan una Flauta Mágica que lo protegerá de los peligros.

ÓPERA INFANTIL



DOMINGO 15  
ÁS 12:00H

# EL GRAN JUEGO DE VERDI

60 min.

5 EUROS

FERRO TEATRO

TEXTO E DIRECCIÓN: CRISTINA ZAMBRANA. ARRANXOS MUSICAIS: MANUEL VALENCIA. ELENCO: CARLOS FERNÁNDEZ, CRISTINA ZAMBRANA.

O famoso compositor musical Verdi verase inmerso nunha trepidante e divertida historia que suporá o comezo da súa carreira. Abatido e melancólico polo rexeitamento da súa amada Leonor, decide deixar a música para sempre, sen embargo, o destino tíñalle reservada outra sorte.

El famoso compositor musical Verdi se verá inmerso en una trepidante y divertida historia que supondrá el comienzo de su carrera. Abatido y melancólico por el rechazo de su amada Leonor, decide dejar la música para siempre, sin embargo, el destino le tenía reservada otra suerte.

MÚSICA

VENRES 20  
ÁS 20:30H

# BRATH EN CONCERTO

75 min.

PRESENTACIÓN DO SEU NOVO DISCO CÓDEX

8 E 10 EUROS

VOZ, BATERÍA E PERCUSIÓN: ELOI CALDEIRO. GUITARRAS: JOSÉ RUBIO. BAIXO: SANTI SUÁREZ. VIOLÍN: TANIA CAPÓN. ACORDEÓN: ALBERTO SÁNCHEZ. GAITA: MARCOS CAMPOS.

BRATH é a banda que nos anos 80 incorpora por vez primeira ao folk galego instrumentos que ata entón estaban reservados ao rock, como a batería ou as guitarras eléctricas. Naceu coa filosofía de achegar aos mozos a nosa música de raíz utilizando a mestura de estilos como o pop ou o rock e creando unha nova música galega a partir da tradición. Presentan Códex, o seu novo disco, que ten como fío condutor o mito de Fisterra e Compostela.

BRATH es la banda que en los años 80 incorpora por primera vez al folk gallego instrumentos que hasta entonces estaban reservados al rock, como la batería o las guitarras eléctricas. Nació con la filosofía de acercar a los jóvenes la música de raíz utilizando la mezcla de estilos como el pop o el rock y creando una nueva música gallega a partir de la tradición. Presentan Códex, su nuevo disco, que tiene como hilo conductor el mito de Finisterre y Compostela.

TEATRO

SÁBADO 21  
ÁS 20:30H

# EL AMOR DE ELOY

80 min.

UNHA COMEDIA

10 E 12 EUROS

DE ERNESTO CABALLERO

DIRECTOR: CÉSAR LUCENDO. REPARTO: DAVID V. MUÑO, JAVIER MARTÍN, RAÚL GÓMEZ E PATRICIA PÉREZ.

Cada individuo encerra múltiples personalidades dentro de si mesmo e nunhas ocasións mestúranse creando dentro da nosa mente un debate interno que nos fai case imposible tomar calquera tipo de decisión. No caso de Eloy, márcanse tres personalidades moi definidas interpretadas por tres actores distintos que comparten escenario durante toda a obra.

Cada individuo encierra múltiples personalidades dentro de sí mismo y en algunas ocasiones se mezclan creando en nuestra mente un debate interno que nos hace prácticamente imposible tomar cualquier tipo de decisión. En el caso de Eloy, se marcan tres personalidades muy definidas interpretadas por tres actores distintos que comparten escenario durante toda la obra.

INFANTIL



DOMINGO 22  
ÀS 12:00H

60 min.

# EL PEQUEÑO VERNE

10 E 13 EUROS  
8 E 10 EUROS ATA O 15 DE DECEMBRO

TEATRO NEGRO. TÍTERES

COMPANHÍA: IRÚ TEATRO. DIRECCIÓN: RAÚL AMORES E RICARDO CRISTÓBAL. MANIPULADORES: RAÚL AMORES, RICARDO CRISTÓBAL, AITOR PRESA E JAVIER DEL ARCO.

Julio é un neno que non quere estudar. De súpeto, o libro que debería ler, toma vida e o transporta a un mundo de coñecementos e aventuras. Enfrontarase a polbos xigantes, atravesará buracos negros, dará a volta ao mundo e mesmo viaxará ao centro da terra. Esta aventura convertírao nun dos máis grandes escritores da nosa historia: Julio Verne. A partir de 3 anos.

Julio es un niño que no quiere estudiar. De repente, el libro que debería leer, toma vida y lo transporta a un mundo de conocimientos y aventuras. Se enfrentará a pulpos gigantes, atravesará agujeros negros, dará la vuelta al mundo e incluso viajará al centro de la tierra. Esta aventura lo convertirá en uno de los más grandes escritores de nuestra historia: Julio Verne. A partir de 3 años.

HUMOR



DOMINGO 22  
ÀS 19:00H

# LAS NOCHES DE PARAMOUNT COMEDY

70 min.

CON J.J. VAQUERO E NACHO GARCÍA

17 E 19 EUROS

Espectáculo non recomendado para menores de 12 anos. *Las Noches de Paramount Comedy* regresan ao Teatro Colón da man de J.J. Vaquero e Nacho García nun show cargado do mellor humor do máis prestixioso canal do xénero en España. Un show que foi pioneiro de tantos outros e que encherá de gargalladas a cidade.

Espectáculo no recomendado para menores de 12 años. *Las Noches de Paramount Comedy* regresan al Teatro Colón de la mano de J.J. Vaquero y Nacho García en un show cargado del mejor humor del más prestigioso canal del género en España. Un show que fue pionero de tantos otros y que llenará de carcajadas la ciudad.



MUSICAL

LUNS 23  
ÁS 20:30H

# CHICAGO MASS CHOIR

90 min. 

GOSPEL ES NAVIDAD. FESTIVAL DE GALICIA.  15 E 20 EUROS

FORMACIÓN: CORAL DE 20 PERSONAS: TRÍO, DIRECTOR E 16 CANTANTES.

The Chicago Mass Choir fundado en 1988 por James C. Chambers e integrado na ECC Music Workshop está dirixido por toda unha lenda da música Gospel: Percy E. Gray Jr., considerado un dos produtores e compositores máis destacados da música góspel dos EEUU. Realizaron colaboracións con artistas e producións de primeira fila como Bob Dylan, Umphrey's Mc Gee ou a banda grega Onirama.

The Chicago Mass Choir, fundado en 1988 por James C. Chambers e integrado na ECC Music Workshop, está dirixido por toda unha leyenda de la música Gospel: Percy E. Gray Jr., considerado uno de los productores y compositores más destacados de la música góspel de los EEUU. Realizaron colaboraciones con artistas y producciones de primera fila como Bob Dylan, Umphrey's Mc Gee o la banda griega Onirama.



INFANTIL

XOVES 26  
ÁS 18:00H

# CAMPANILLA

 90 min.

 9 E 12 EUROS

EL ORIGEN

IDEA, GUIÓN E LETRAS: MIGUEL ÁNGEL GARCÍA BERNÁLDEZ. COMPOSITOR E DIRECTOR MUSICAL: BORJA BARRIGÜETE. ELENCO: FRAN BARRANCO, ROBERTO SAIZ, ANA CONCA, EVA MARÍA CORTÉS, RAQUEL AMEGASHIE, SOLANGE FREYRE.

Dos mesmos creadores e produtores de *Blancanieves el Musical* chega *Campanilla el origen*, unha nova versión dos personaxes de Peter Pan na que se conta aquilo que, en detalle, non contou nunca o autor deste conto. Unha historia apaixonante chea de romanticismo e sensibilidade que reivindica a lectura, a importancia de ter un soño e desexar cumprilo e a necesidade de respectar aos demais e de compartir. A partir de 2 anos.

De los mismos creadores y productores de *Blancanieves el Musical* llega *Campanilla el origen*, una nueva versión de los personajes de Peter Pan en la que se cuenta aquello que, en detalle, no contó nunca el autor de este cuento. Una historia apasionante llena de romanticismo y sensibilidad que reivindica la lectura, la importancia de tener un sueño y desear cumplirlo y la necesidad de respetar a los demás y de compartir. A partir de 2 años.

INFANTIL



VENRES 27  
ÀS 18:00H

# OTRO GRAN TEATRO DEL MUNDO

COMPañÍA NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO  
UROC TEATRO - MEDALLA DE ORO AL MÉRITO

80 min.

10 E 12 EUROS

EN LAS BELLAS ARTES

DIRECCIÓN: OLGA MARGALLO. REPARTO: ANTONIO MUÑOZ DE MESA, NINES HERNÁNDEZ, ROSA CLARA GARCÍA, VÍCTOR ULLATE ROCHE, CELIA VERGARA, NURIA SÁNCHEZ, IVÁN VILLANUEVA.

*Mi Primer Clásico* é unha iniciativa da Compañía Nacional de Teatro Clásico para facer chegar as grandes obras a un público familiar, e contar os grandes temas do noso teatro de forma rigorosa, interesante e, sobre todo, divertida. A iniciativa levouse a cabo en clave musical baseada na obra de Calderón *El gran teatro del Mundo* e realizada en coproducción con Uroc Teatro.

*Mi Primer Clásico* es una iniciativa de la Compañía Nacional de Teatro Clásico para hacer llegar las grandes obras a un público familiar, y contar los grandes temas de nuestro teatro de forma rigurosa, interesante y, sobre todo, divertida. La iniciativa se llevó a cabo en clave musical basada en la obra de Calderón *El gran teatro del Mundo* y realizada en coproducción con Uroc Teatro.



MÚSICA

SÁBADO 28  
ÀS 17:30H  
E ÀS 20:30H

# NINO BRAVO ¡EL MUSICAL!

90 min.

20 E 25 EUROS

SU VIDA. SU MÚSICA.

REALIZACIÓN: FERNANDO NAVARRETE. ESCENOGRAFÍA: PACO BELLO. PRODUCCIÓN MUSICAL: FRANCÉS PELLICER. REPARTO: MARÍA MARÍN BRAVO, CARMEN RODRÍGUEZ, JOSÉ VALHONDO, JOSÉ ANTONIO VADILLO.

Nino Bravo ¡El Musical! É unha homenaxe a unha das grandes estrelas musicais españolas. Un cantante de dimensións que se agrandan co paso do tempo, a súa prematura desaparición privounos dun artista que conseguía apaixonar coa súa prodixiosa voz e as súas cancións. Este musical é un recorrido cronolóxico pola súa vida e a súa carreira.

Nino Bravo ¡El Musical! Es un homenaje a una de las grandes estrellas musicales españolas. Un cantante de dimensiones que se agrandan con el paso del tiempo, su prematura desaparición nos privó de un artista que conseguía apasionar con su prodigiosa voz y sus canciones. Este musical es un recorrido cronológico por su vida y su carrera.

# TARXETA TEATRO COLÓN



## VIR AO TEATRO TEN PREMIO

A partir de xaneiro de 2014 poñemos en marcha a Tarxeta do Teatro Colón, un programa de fidelización de público cheo de vantaxes. Se che gustan as artes escénicas, se queres coñecer o teatro máis de preto, ter a posibilidade de participar en encontros con algunha das compañías e interesarte polo seu traballo... Esta é a túa tarxeta! Á venda en decembro. Este Nadal regala teatro!

### VANTAXES

- 10% de desconto en todos os espectáculos.
- 20% de desconto para a zona de Principal.
- Posibilidade de reserva preferente de butacas por vía telefónica.
- Envío periódico da información do teatro vía email e correo ordinario (só baixo solicitude)
- Descontos en comercios e establecementos da zona (por concretar).
- Visitas guiadas ao Teatro Colón (por grupos e baixo reserva previa).
- Participación no sorteo de entradas para cada espectáculo.
- Invitación a encontros exclusivos cos artistas (espectáculos seleccionados por el teatro).
- Acceso preferente ao recinto os días de espectáculo.

Os descontos da tarxeta non son acumulables á liña e descontos que ten o teatro. A tarxeta do Teatro Colón é persoal e intransferible.

### ONDE ADQUIRILA

Próxima venta a través das canles habituais. Custo da tarxeta: 20€ / ano.

## VENIR AL TEATRO TIENEN PREMIO

A partir de enero de 2014 ponemos en marcha la Tarjeta del Teatro Colón, un programa de fidelización de público lleno de ventajas. Si te gustan las artes escénicas, si quieres conocer el teatro más de cerca, tener la posibilidad de participar en encuentros con alguna de las compañías e interesarte por su trabajo... Esta es tu tarjeta! A la venta en diciembre. ¡Esta Navidad regala teatro!

### VENTAJAS

- 10% de descuento en todos los espectáculos.
- 20% de descuento para la zona de Principal.
- Posibilidad de reserva preferente de butacas por vía telefónica.
- Envío periódico de la información del teatro vía email y correo ordinario (sólo bajo solicitud)
- Descuentos en comercios y establecimientos de la zona (por concretar).
- Visitas guiadas al Teatro Colón (por grupos y bajo reserva previa).
- Participación en el sorteo de entradas para cada espectáculo.
- Invitación a encuentros exclusivos con los artistas (espectáculos seleccionados por el teatro).
- Acceso preferente al recinto los días de espectáculo

Los descuentos de la tarjeta no son acumulables a la línea de descuentos que tiene el teatro. La tarjeta del Teatro Colón es personal e intransferible.

### DONDE ADQUIRILA

Próxima venta a través de los canales habituales. Coste de la tarjeta: 20€ / año.

# T | TEATRO COLÓN



Deputación  
DA CORUÑA

WWW.TEATROCOLON.ES

f t @TEATRO\_COLON

servinova.com  
902 504 500

**VENDA DE ENTRADAS:** Taquillas (só en efectivo): Praza de Ourense, luns a venres de 9.30 a 13 h. e 16.30 a 19.30 h. • Centro Sociocultural Novacaixagalicia, Cantón Grande 21-23, luns a sábado, de 9 a 21h. • Teatro Colón o día do espectáculo, de 12 a 14h. e de 17 a peche • 902 504 500, luns a sábado de 8 a 22h. [www.servinova.com](http://www.servinova.com) e [www.teatrocolon.es](http://www.teatrocolon.es) (24h.)

**LIÑA DE DESCONTOS:** 10% Estudantes: FP, Bacharelato e Universitarios • 10% Xubilados maiores de 65 anos • 10% Desempregados • 20% Estudantes da Universidade da Coruña (só en principal) • 20% Grupos de máis de 20 persoas

Unha vez comezado o espectáculo non se permite a entrada